

A PERSONALIDADE DO BIERZO

TERRITORIO E LINGUAS



A LINGUA GALEGA

HÉCTOR SILVEIRO

XUNTA DE GALICIA

POSiTiVAS

A PERSONALIDADE DO BIERZO



TERRITORIO E LINGUAS
A LINGUA GALEGA

SECUNDARIA

Índice numérico de localidades
(agrupadas por área lingüística)

Galego

1. Pias.
2. Porto de Sanabria.
3. Hermisende.
4. Lobosán.
5. Pudornelo.
6. Calabor.
7. Vres.
8. Puente de Domingo Flórez.
9. San Pedro de Trones.
10. Carracedelo.
11. Cacabelos.
13. Villafranca del Bierzo.
14. San Pedro de Oñeros.
15. Penoselo.
16. Lumeras.
17. Candín.
18. Tejedo de Ancares.
19. Calabor.

Galego de transición

20. Castroquillane.
21. Carucedo.
22. Villavieja.
23. Dehesas.
24. Narayola.
25. San Vicente.
27. Fontoira.

Leonés de transición

28. Pombregio.
29. Sancedo.
30. Vega de Espinareca.
31. Fabero.
32. Peranzanes.
33. Faro.
34. Rihonor.

Leonés / Castellano con restos del leonés

35. Santa Cruz de Abranes.
36. Pedralta de la Pradería.
37. Requejo.
38. Ribadelago.
39. Puebla de Sanabria.
40. La Baña.
41. Encinedo.
42. Benusa.
44. Sobillo de Sanabria.
45. San Ciprián de Sanabria.
46. Priaranta del Bierzo.
47. Camponaraya.
48. Arganza.
49. Fresneda.
50. Berlanga del Bierzo.
51. Sorbeda del Sil.
52. Fresnedelo.
53. Anllares del Sil.

Lengua mixta galaicoleonés de Guimara

54. Guimara



Cartografado a partir dos datos da “Determinación de la fronteira lingüística entre el gallego y el leonés en las provincias de León y Zamora”, de Ana Seco Orosa. *Revista de Filología Románica*, Vol. 18 (2001)

1º edición: marzo2021

© Héctor Silveiro

© Edicións Positivas, S.L. 2017
Rúa das Carretas, 18, Baixo
15705 Santiago de Compostela
Tel. 660397064
www.edicionspositivas.com

ISBN 978-84-123257-1-3
Depósito legal: C 269-2021

LIMIAR

O MEGO DA ESCOLA DO 2021

(MATERIAIS DIDÁCTICOS DA COMISIÓN CULTURAL MARTÍN SARMIENTO)

Héctor M. Silveiro

Esta publicación que tes nas túas maos édítase con motivo do *Día do Galego nos Centros de Ensino no Bierzo*. Será o único acto que, como consecuencia da COVID 19, realizaremos neste curso para celebrar as *XIII Xornadas Martín Sarmiento*. O obxectivo é ofrecer un novo material didáctico que se poida usar nas aulas, que no día no que naceu Sarmiento en Vilafranca lembremos a súa figura, unha vez máis, e que isto dea ao conxunto da comunidade educativa do galego no Bierzo unha sensación de continuidade con respecto a outras actividades que viñamos desenvolvendo en cursos anteriores.

O tema central deste traballo é a personalidade do Bierzo, de como se vai consolidando ao longo do tempo. O Bierzo é un espazo peculiar no que conviven dúas linguas minorizadas (galego e leonés), algo que non pretendemos obviar en ningún momento, unha riqueza que desexamos siga existindo como o foi historicamente. Polo tanto, estas linguas xogan un papel destacado nos sentimentos das xentes e da percepción da terra na que vivimos.


Abordamos este asunto querendo evitar as simplificacións, pero conscientes de que estamos ante unha cuestión o suficientemente complexa como para pretendela abarcar de xeito exhaustivo neste pouco espazo. Por iso, vannos conceder unha certa licenza, como é que nos centremos nunha desas linguas minorizadas, a lingua galega. Nos textos que seguen fixaremos a nosa atención nesta lingua, dado que se trata dunha publicación destinada á súa promoción. Isto non significa en ningún momento que queiramos marxinar ou impoñer ningunha lingua sobre outra, desexamos recuperar espazos para o galego. Por outra parte, non podemos ser defensores dunha lingua minorizada sen selo á vez de todas. Logo, que non desenvolvamos esta actividade facendo constantes referencias ao leonés (no que ademais non somos especialistas), non implica que nós non esteamos de acordo coa súa normalización. Estamos falando de dereitos recoñecidos desde a lexislación europea á local, pasando pola autonómica e comarcal, dun proceso no que tentamos que eses dereitos se logren exercer plenamente algún día como a unha sociedade democrática e avanzada corresponde. De aí a transcendencia desta reflexión sobre a personalidade do Bierzo. A identidade é pois unha suma de trazos que nos impón a historia e que dalgún xeito esixe de nós un esforzo por analizármolos a nós mesmos, análise á que esperamos axudar con estas páxinas.

BERGIDUM:

O NOME DO BIERZO


Para que algo ou alguén exista debe ter un nome. Os territorios, como as persoas, cuando nacen, son nomeados. A nosa terra, o Bierzo, ten un nome ben vello. Como ocorre con moitos topónimos, o seu nome lévanos ás raíces da nosa historia, millor dito, á prehistoria, ese período no que aínda non había escritos, pero que é a base primeira, o rastro máis antigo de nós mesmos. O nome será o primeiro trazo que nos confira personalidade, algo que como veis ten unha íntima relación coa lingua.

De **BERGIDUM** din os filólogos que é unha palabra de orixe céltica (unha lingua que se falaba eiquí antes da chegada dos romanos). Estaría composta de *Berg-* ‘monte’ e *-dunum* ‘fortificación’. **BERGIDUM** é o nome dun monte situado entre os municipios actuais de Vilafranca e Cacabelos, onde se atopaba un castro, é dicir, un poboado rodeado de murallas da Idade do Bronce. Polas súas dimensións e localización os historiadores consideran este asentamento como un dos principais da contorna, un dos centros de poder máis



Mapa do proceso de conquista romana do territorio do noroeste peninsular

O NOME DA TERRA



importantes. Eiquí comezamos esta viaxe particular para descubrir a nosa identidade, a dos bercianos e bercianas.

Antes dos Romanos o Bierzo formaba parte dunha primixenia cultura, a terra dos Castros, un territorio de maiores dimensións, e que non por casualidade tiña tamén un nome céltico: Gallaecia, que significa “Terra de montes”. Para a cultura popular, na tradición oral, os habitantes dos castros eran “os mouros”. Grazas á arqueoloxía coñecemos algúis dos nomes das tribos pertencentes aos ástures que viviron daquela no territorio que hoxe é o Bierzo: Lougeos, Tiburos, Susarros ou Gigurros. Estes pobos serían sometidos por Roma tras unhas duras guerras de conquista. O Bierzo xoga xa un papel destacado na resistencia dos pobos do Noroeste ás tropas de Augusto, emperador romano, como narran historiadores romanos que falan do Monte Medulio, que moitos estudosos sitúan na nosa terra.

Se non coñeces o relato pídlle aos teus profesores información sobre o que pasou eilí. Seguro que a narración che sorprenderá.

A CONQUISTA DO GALLAECIA,

COMEZAMOS A ANDAR. Como veis, a existencia do territorio do Bierzo, tras identificarse cun nome, coma un nino que comeza a andar, deu os seus primeiros pasos na historia baixo o dominio do Imperio Romano, que cumprirá a función dun pai ou unha nai neste proceso. Eles, os romanos, tras da conquista, son os que introducen o concepto de provincia, unha división territorial ben distinta do que entendemos actualmente.

A Provincia romana da Gallaecia comprendía un territorio muito máis amplo que as provincias modernas. Respondía a unha configuración administrativa diferente e máis complexa, pois podería ser hoxe algo semellante a un país ou unha gran comunidade autónoma. En todo caso, os límites dunha provincia romana parecen relacionarse tanto cos intereses de control e explotación por parte de Roma dun espazo concreto (onde xoga un papel fundamental a riqueza mineira desta terra), como con certa coherencia interna entre os habitantes preexistente no territorio que se englobaba baixo a xurisdición dunha mesma Provincia.



Provincia romana da Gallaecia, maior que a Comunidade de Galicia actual.

TERRITORIO: A PRIMEIRA PROVINCIA



AS MÉDULAS

Serán os Romanos tamén os que farán de Bergidum Flavium un *municipium* sinalado da Gallaecia, ao pé do Castro Ventosa, que vai ser esencial para a explotación do cobizado ouro. Para facilitar as comunicacións, o desprazamento tanto de soldados como de produtos, desde este lugar partirán cara ao Atlántico dúas vías romanas que unían as tres grandes capitais da gran Provincia Romana. A vía que atravesando a península pasaba pola capital do Conventus de Astúrica Augusta (Astorga) dividíase eiquí, no Bierzo, para dirixirse cara ás outras dúas capitais provinciais do Norte. Unha ía a Lucus Augusti (Lugo), que logo proseguía ata a costa chegando a Brigantium (A Coruña), e a outra cara a Bracara Augusta (Braga), que hoxe pertence a Portugal, como ben sabedes.

A importancia da minaría do ouro no territorio da Gallaecia, especialmente no Bierzo e Valdeorras, coñecémola en gran medida polas abondosas explotacións cuxas pegadas na paisaxe falan por si mesmas da súa dimensión, dunha monumentalidade e transcendencia evidentes: As Médulas, A Leitosa, Os Cáscaros, Montefurado...


A SEMENTE DAS

APRENDENDO A FALAR. A fala é o construtor psicolóxico da persoa que comeza na infancia do individuo. Di o refrán: “Ao ano andas e aos dous falas”. Pois ben, os romanos, ademais de abrírnos as portas da historia conformando un territorio e nomeándoo, deixaron unha semente maior, máis duradeira que o imperio que construíron coas armas.

Referímonos ao latín, a semente das linguas que hoxe falamos. De feito, o Imperio Romano caíu para dar paso nestas terras ao que sería o primeiro reino medieval de Europa baixo o dominio dos Suevos. Este pobo xermánico, que entrou na Península como aliado e acabou facéndose dono dunha parte considerable dela, adoptou a lingua de Roma como propia e mantivo os nomes cos que se denominaban o reino e os seus territorios (Gallaecia, Bergido...)

A carón da lingua, outras estruturas asociadas ao poder terán tremenda importancia na lenta formación dun pobo. É o caso das crenzas que se transforman a modo cos cambios que se van producindo. Dos antigos deuses castrexos (Degantia, Conso) pasamos aos deuses do panteón romano (Diana, Marte); e posteriormente entrou en xogo a relixión cristiá. O Cristianismo contribuirá á latinización deste territorio.


Mais o Cristianismo pasará diversas fases de difusión e asentamento nestas terras. En principio, afastado da visión ortodoxa do Papa, practicouse un ritual panteísta coñecido como



Inscripción en latín de San Pedro de Montes onde se poden ler os nomes dos santos eremitas Frutuoso, Valerio e Xenadio

LINGUAS: O LATÍN

o Priscilianismo e considerado unha herexía, pero tivo unha forte presenza na Gallaecia. Un rei suevo, Teodomiro, da maó do seu bispo Martiño de Dumio, será o artífice da consolidación definitiva do Cristianismo. O Concilio de Lugo, no século VI, organizará o territorio do reino por parroquias mesturando administración política e relixión. No *Parroquiale Suevorum* na diocese de Astorga aparece Bergido, que no período visigótico figura como “bergidensis territori” nos escritos de Frutuoso, o promotor da chamada “Tebaida berciana” como un espazo de retiro espiritual referencial na época. Este eremita era un notable persoeiro da Igrexa debido á fundación de mosteiros pola península. Fundou os primeiros e os máis antigos da nosa comarca en Compludo, San Pedro de Montes e en San Fiz de Visuña. Rematou os seus días como bispo de Braga. Un discípulo e biógrafo seu, Valerio do Bierzo, tamén escribiu un “Laus” a Exeria, a primeira aventureira peregrina a Xerusalén (da que se especula que nacera no Bierzo no século IV).



Mapa do primeiro reino medieval de Europa, o reino Suevo de Galicia

O NACEMENTO DO A LINGUA

A FORMACIÓN

A educación dunha persoa comeza na máis tenra infancia, pero non remata nunca. Hai períodos da vida realmente intensos nos que esa formación marca o seu carácter. No caso do Bierzo, o nacemento do galego a partir daquela semente que os romanos deixaron nesta terra e que botou raíces ata agromar e florecer facéndose unha nova e fermosa lingua será mui relevante.

Unha lingua, como vemos, precisa dunha terra para nacer. É produto dunha relación de séculos dos seres humanos coa natureza peculiar dun lugar concreto, que en condicións favorables produce o milagre cultural que supón o nacemento dun idioma. Mais, unha vez



Mosteiro de San Pedro de Montes

GALEGO: DA TERRA

que nace, vai permitir aos seus falantes desenvolver con capacidade propia a súa singular maneira de configurar a paisaxe e de nomear o mundo.

Ademais, a lingua é un patrimonio imprescindible que nos fai humanos. Sen as voces que esa lingua lles fíxo como ferramenta de expresión e comunicación cos demais, serían seres incapaces de entender o seu entorno. Sen ela non seríamos ningún e, á vez, outorga aos seus falantes a esencia do ser, unha personalidade.

No reino da Gallaecia, namentres a fala das xentes humildes e da nobreza xa non era a lingua latina, nacera o que os filólogos denominan galego-portugués, como testemuñan documentos do Medievo como os *Cartularios* do Mosteiro de Carracedo ou de San Pedro de Montes, que son os primeiros que recollen a fala que se usaba eíquí daquela. Lembremos que durante 1000 anos o Bierzo foi Gallaecia. Quere dicir isto que cando se está xerando o galego no século IX, esa unidade administrativa arroupa e dálle consistencia a esta terra.

Martín Sarmiento, anos despois, estudará a evolución das palabras dende o latín no seu estudo sobre a orixe da lingua galega. Os exemplos que seguen detectan tanto o arcaísmo ou trazos conservadores como outros innovadores deste idioma:

EVOLUCIÓN DO LATÍN AO GALEGO		
Mantemos as vogais abertas (e, o)	ferrum → ferro	portam → porta
Perviven ditongos latinos con algunha variante	aurum → ouro	maurum → mouro
Creamos ditongos de grupos de consoantes entre vogais	factum → feito	multum → muito
Perdemos o -n- e o -l- intervocálicos	manum → mao	volare → voar
Mantemos consoantes iniciais de palabra como f-	fornum → forno	formicam → formiga
Cambiamos grupos consonánticos iniciais de palabra	clavem → chave	pluviam → chuva
Simplificamos consoantes dobres	villam → vila	castellum → castelo
Sonorizamos consoantes xordas interiores -p-, -t-, -c-	lupum → lobo	vitam → vida/ lacu → lago
Creamos grupos consonánticos ao perder unha vogal	oculum → ollo	vetulum → vello
Conservamos grupos consonánticos -mb-	lumbum → lombo	palumbam → pomba
Creamos novos grupos consonánticos de -li- e de -ti-	filium → fillo	fortia → forza

Trazos máis destacables da evolución do latín ao galego

O CAMIÑO A FACTOR DE


DA ORALIDADE Á LINGUA ESCRITA

Como unha persoa nova en pleno proceso de formación, esta terra, coa lingua de seu na boca, ábrese ao mundo retroalimentando a súa conduta como persoa.

O contacto fluído con diferentes culturas reafirma á vez a descuberta dos propios valores e implicará tanto a percepción da diferenza como da riqueza que supón a diversidade.

A descuberta do Sepulcro do Apóstolo Santiago e a conseguinte posta en marcha do Camiño a Compostela coincidirá no tempo co deterioro do latín, que xa tiña características diferenciadas nos distintos espazos do Norte da Península que acaban coa fragmentación definitiva dando lugar a novas linguas. Daquela, o Sur da Península será ocupado polos almorábides, que axiña comezan a presión e intentos de control sobre os territorios do Norte. No Bierzo, tras do ataque ao Castro da Ventosa, arruinarán os seus edificios. Finalmente, os musulmáns chegan a Compostela (Almanzor, 997) e a pesar de que arrasan a súa catedral, os reinos cristiáns furon quen de reaccionar e retomar a repoboación do territorio arredor do Camiño de Santiago.

Comeza así un longo proceso de nacemento e/ou reconstrución dos núcleos de poboación á beira do Camiño a Compostela, promoción xacobeá custodiada por fortalezas e novas ordes relixiosas e mosteiros que son os que se apropián das terras do Bierzo baixo a atenta mirada dos reis, que esixen vasalaxe. As pedras de Bergida empréganse entón para erguer o



Camiño francés a Compostela

COMPOSTELA, UNIVERSALIDADE

que será un dos mosteiros máis poderosos da orde beneditina en Carracedo. Será Xelmírez, arcebispo de Santiago, quen posteriormente repoboaríase en Cacabelos ou Vilafranca, onde, por outro lado, se constrúe a abadía de Cluny de monxes cistercienses que incrementará os habitantes da vila cun gran número de peregrinos procedentes dos reinos francos.

Outra evidencia da relevancia das peregrinacións a Compostela prodúcese como consecuencia do contacto da rica tradición oral da lírica en galego coa influencia do trobarismo, que chega a Galicia polo Camiño Francés e que vai provocar a aparición da escrita en galego á altura do século XIII, un dos legados máis importantes para a historia desta lingua. As cantigas da lírica galaico-portuguesa coñecen así un esplendor que as leva máis aló das súas fronteiras, a ser recoñecidas e imitadas noutros reinos de toda Europa.

No Bierzo actuaban xogares e trobadores como Fernán Gonçalvez de Seabra, e os mosteiros conservarían documentación escrita en galego que testemuñan o vigor da lingua na comarca nestes séculos.



"Scriptorium" dun mosteiro medieval, espazo fundamental para o desenvolvemento da escrita.



Unha ilustración das Cantigas de Santa María de Alfonso o Sabio, obra senlleira en galego-portugués.

O CONFLITO POLA

QUEN SON EU?

A denominada Idade Media foi unha etapa fundamental na fixación da personalidade como territorio, aínda que non axudan os profundos e graves conflitos que se dan ao redor da propiedade da terra, entre as clases dominantes e os sometidos. Semellan as dúbidas e as controversias do adolescente. A adolescencia deste territorio foi efectivamente convulsa, provocando sentimentos, emocións e pensamentos ligados ao comportamento.

Nos castelos e mosteiros, condes e abades e, por riba deles os reis, son denominados os señores. Eran os donos das terras, pero os que as traballaban coa súa suor e esforzo eran os campesiños. Os servos, labregos e pastores, ademais dos gremios de artesáns e aprendices residentes nas vilas, que tamén eran vasalos, soportaban unha historia anónima baixo a cobiza e iniquidade dos poderosos. Ás constantes disputas pola coroa coas anexións e rupturas entre antigo Reino de Galicia e outros reinos, hai que sumar a tensión que vai medrando entre señores e servos. Eran constantes os abusos da alta nobreza e o malestar dos máis humildes, especialmente da pequena nobreza e os burgueses, que buscarán o apoio dos labregos para fornecer as súas protestas. Iso levou a que finalmente decidisen en irmandade erguerse contra os señores, esa grande nobreza, cansos de sufrimentos e inxustizas, un movemento que naceu no interior de Galicia e axiña chegou ao Bierzo.


CASTELOS DO BIERZO



PROPIEDAD DA TERRA

Estas revoltas denomínanse Guerras Irmandiñas, porque os exércitos de artesáns e burgueses irmandados cos labregos atacaron os grandes señores derrubando as súas fortalezas. Fui o caso do Conde de Lemos que abandonou Monforte para refuxiarse no Bierzo e ao que os Irmandiños, tras destruír os seus castelos na Veiga de Valcarce, Balboa e Corullón, asediárono no Castelo de Ponferrada. Entón entran en xogo os reis de Castela e Portugal que dirixen os seus exércitos ben armados contra os Irmandiños que finalmente tras varios anos de luta serán derrotados. Así, tras da vitoria, o Conde de Lemos será restituído e os vencidos obrigados a erguer os seus castelos de novo. Tamén os Reis Católicos imporán a súa particular xustiza. Destacamos a morte exemplarizante de Pardo de Cela en Mondoñedo. Comeza a doma e castración de Galicia e unha redistribución da propiedade pactada no Bierzo (Ponferrada para os Reis, e Vilafranca convertida nun Marquesado). É unha nova división da terra, que considera o Bierzo unha provincia do estado moderno e centralista que se está formando dende o reino de Isabel de Castela nun proceso de sometemento absoluto de Galicia e León baixo a súa coroa.

O vello dereito consuetudinario e os concellos que rexían as aldeas entre as xentes humildes vanse subxugando ás novas leis. Os correxedores, alcaldes e partidos xudiciais da provincia do Bierzo do Antigo Réxime, son funcionarios e notarios dependentes das audiencias provinciais vidos de fóra que redactarán os seus escritos unicamente no idioma de Castela.



Mapa onde se pode apreciar a participación do Bierzo nas Guerras Irmandiñas


SARMIENTO, UNHA LUZ

DA CONCIENCIA DO EU XORDE O NÓS

A personalidade será fundamental para o desenvolvemento das demais habilidades do individuo e para a súa integración con grupos sociais, factores socioculturais. A conciencia do eu non madura ata atoparse coa concreción do Nós. O territorio e a lingua en proceso forman así un todo indisoluble interiorizado en colectivo polos seus habitantes, pero que se verbaliza a través de persoeiros cultos.

No medio dun aveseado panorama naqueles Séculos Escuros nos que o pobo traballador falaba un idioma diferente ao dos poderosos, nacerá en Vilafranca do Bierzo un 9 de marzo de 1695 un nino que escuitou por vez primeira a lingua que tanto amou na beira do río Burbia, lonxe do mar onde logo se criará, na vila de Pontevedra. De todos os xeitos Pedro Xosé García Balboa, máis coñecido como Martín Sarmiento, a partir do seu ingreso como monxe beneditino, vivirá case toda a súa vida afastado da súa terra nunha cela dun mosteiro madrileño. Mais grazas á súa querencia polo seu chegará a ser o pai da filoloxía galega, o primeiro en estudar a orixe e evolución do noso idioma.

Nas súas viaxes repara por escrito nos seus diarios na singularidade do Bierzo como parte daquel Antigo Reino, pois é eiquí onde intensifica os apuntamentos relativos á lingua dos seus habitantes. Viaxaba con motivo do ano xacobeo de 1745 e aproveitou para visitar a súa familia en Pontevedra. Xa vindo de volta cara a Madrid e ao pasar pola terra onde




NOS SÉCULOS ESCUROS

nacera aproveita para afondar nesa realidade que gobernaba a lingua que tanto amaba documentándose nos cartularios e pergameos dos mosteiros de Samos e Montes. O ilustrado galego-berciano descobre con estas consultas que a lingua materna e natural do pobo pervive na máis estrita oralidade sendo na súa época marxina dos escritos polos poderosos e persoas con estudos, aínda que fora escrita e usada polos reis e nobres nos séculos de esplendor medieval. El é o primeiro en estudar e rexistrar a lingua galega no seu Bierzo natal e constata a existencia dun corpo único cultural en coherencia coa lingua daquel antigo Reino de Galicia.

Sarmiento, debido á súa enorme erudición, a pesar de ser mui influente na corte madrileña, será á vez coñecedor dos límites que a súa época lle impuña polo que unha gran parte da súa obra permanecerá inédita e tardará en publicarse, tempo despois da súa morte. A ilustración detectou e intuía a fin do Antigo Réxime e proxecta un mundo millor.

Sarmiento non publicou en vida ningunha obra en galego, pero deixou escritos como o *Coloquio en 1200 coplas* que anos despois do seu falecemento o farán merecente de ser considerado o primeiro autor moderno das Letras Galegas.



Mapa das viaxes de Sarmiento a Galicia, transcendentais para os seus estudos sobre a lingua galega

A PROVINCIA DE

PROCLAMACIÓN DE DEREITOS COA MAIORÍA DE IDADE

Os hábitos e a conduta de cada individuo persisten ao longo do tempo fronte a distintas situacións distinguindo unha persoa de calquera outra, facéndoa diferente aos demais. A distinción e a persistencia, ambos aspectos da personalidade, terán unha forte influencia na construción da identidade. Na maioría de idade hai conciencia dos dereitos que se reclaman e se propoñen como iniciativas de futuro. Algo que o dito popular resume dicindo: “O casado casa quere”.

A caída do Antigo Réxime foi precedida en Europa polo empuxe da Revolución Industrial, e propiciada na España dos Borbóns pola irrupción das tropas de Napoleón. Un conflito como a Guerra contra os franceses provocou unha reacción de dignidade e defensa da terra e a conseguinte conciencia do propio. Lonxe de someterse a este imperio estranxeiro, os territorios e as xentes do común foron dando resposta para garantir a súa independencia, afianzando a súa personalidade e propiciando ansias e arelas de transformacións que non rematan ao botar fóra os franceses, como se verá.

A Provincia de Vilafranca (1821-1823) non foi máis que un resplandor, consecuencia dun clamor amplamente demandado para realizar unha nova distribución do territorio e máis



San Nicolás O Real, sé oficial da Deputación Provincial de Vilafranca en 1822

VILAFRANCA

racional. Un intento dos sectores máis activos da burguesía berciana de seren o centro deste movemento, e consolidar ao seu favor o cambio de dono e de uso das antigas propiedades de nobres e da Igrexa, ademais de lograr milloras nas comunicacións para a produción agraria, un desenvolvemento comercial e industrial, singularmente, das explotacións mineiras no Bierzo.

Mais o enfrontamento entre Ponferrada e Vilafranca pola capitalidade debilitou a posibilidade de facer realidade a demanda da Provincia, que de todos os xeitos non deixou de ser unha das reivindicacións políticas dos deputados bercianos ante os gobernantes do Estado levando a Madrid, ao Congreso, distintas propostas nos anos 1841 e 42, logo no 1854-55, aínda que nunca foron tidas en conta.

Outra das demandas, e á vez símbolo dinamizador da economía e dese progreso que tardaba en chegar ao Bierzo, será o Ferrocarril tanto como medio de transporte de mercadorías como de pasaxeiros doutros lugares. Os poetas da época faranse eco deste simbolismo. Obsérvese a coincidencia de que Morales saúde de forma curiosa o triunfo da ciencia e un acontecemento desexado e feliz chamando monstro á audaz locomotora que chegaba a León en 1863 (que o Bierzo esperaba ao ano seguinte, pero que non chegaría ata vinte anos despois) ao igual que en Ourense no ano 1881 Curros Enríquez tamén a describía coma un monstro e o Cristo dos tempos modernos.



O PROVINCIALISMO E O BERCIANISMO

PROCURANDO ARGUMENTOS

Co Romanticismo a personalidade do Bierzo chega á prensa escrita, aos teatros e salois, e cafés onde proclamas, artigos e poemas recollen esa exaltación do gusto polo propio. Os autores desta época retratan un Bierzo controvertido, cargado de identidade que se destila nos costumes, na fala e acentos, no medio dese tira e afrouxa da pertenza dun territorio como testemuña nos seus versos Fernández Morales

O movemento que reivindica unha Provincia do Bierzo convértese nun Bercianismo literario, primeiro co *Bosquejo de un viaje a una provincia del Interior* de Enrique Gil (que aínda que fala de toda a Provincia de León, presenta un tratamento claramente diferenciado do Bierzo). Esta obra en castelán atopa un claro complemento, nos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández Morales, que usa, por vez primeira, a variante do galego falado eiquí como principal motor dese sentimento berciano, a carón doutros elementos como os costumes e a paisaxe tamén esenciais na concreción da identidade. Terra, lingua e tradicións, son os piares do que se vén subliñando polos críticos literarios para o Rexurdimento que se produce das Letras Galegas. É dicir, a recuperación dunha tradición literaria culta para esta lingua, dignificación da fala do pobo que se procura reproducir establecendo unha gran conexión coa vella e rica tradición oral dos paisanos. No caso berciano describe unha panorámica realista de elementos materiais e espirituais que van dende a romaría ou o entroido, os lugares de encontro como as feiras, o cultivo dos produtos como a castaña, da celebración ritual dos magostos á vendima, ao canto e o baile tras da gaita, pero tamén se fai eco de fazañas históricas e das emocións e dos amores das xentes humildes.



Fernández Morales e Rosalía de Castro, autores de dous dos textos referenciais do chamado Rexurdimento da lingua galega escrita

GALEGO NAS LETRAS



Antonio Fernández Morales

1861, dous anos antes que Rosalía dea á luz, tamén en galego, os seus *Cantares*, confluindo o que se denomina Rexurdimento Pleno literario cunha reivindicación territorial e política.

Naquel tempo en que Morales no Bierzo traballaba nos seus ensaios, estaba en marcha, en Galicia, unha reivindicación coñecida polos historiadores como Provincialismo. Reclamaba que se considerase Galicia unha única provincia con maior autonomía, petición que foi reprimida fortemente provocando de inmediato unha reacción cultural de dignificación do galego e da terra que se plasmará na literatura: o Rexurdimento Pleno que se produce coa edición dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, un movemento ao que debemos sumar tamén outros poetas como Curros e Pondal, e que será o xermolo do galeguismo político.

Lembremos pois como o Bierzo inaugura ese movemento de recuperación da escrita en galego con Sarmiento e que, abrazando unha reivindicación coa terra como protagonista, Morales comezaba a escribir os seus *Ensayos en dialecto berciano* no 1847 aínda que os edite en



Antonio Fernández Morales. Caricatura de SIRO

DA PROVINCIA Á COMARCA

OBSTÁCULOS E PROHIBICIOIS QUE VENCER

O debate dos dereitos e as obrigas fainos ver con claridade como, a pesar dos cambios, a personalidade ten unha certa perdurabilidade ou permanencia, que busca concretarse a través dos dereitos en leis que deben redactar e proclamar as administracións, que se desenvolven e sofren altos e baixos (a democracia e a ditadura), avances ou prohibicións e retrocesos en función da posibilidade de exercer eses dereitos.


Aquela provincia frustrada ao longo do século XIX seguiu sendo reivindicación viva para os bercianos, tal vez por iso en Galicia, que avanzaba cara ao Nacionalismo, se teorizaba incluso coa hipótese da inclusión do Bierzo na comunidade galega como aparece no artigo 2º do primeiro Estatuto de Autonomía redactado, entre outros, por Castelao. Este estatuto foi aprobado por unha rotunda maioría do pobo galego nun referendo no mes de febreiro do 1936. Comezaba así un debate sobre a nova configuración e administración do Estado que non puído levarse a cabo a causa do golpe de Estado, da inmediata Guerra Civil e a longa noite da Ditadura de Franco.

O parón da democracia que supuxo o Franquismo non logrou, a pesar dos asasinatos, do medo, a represión ou a censura silenciar a voz dos poetas, que recollendo a fala viva na boca das xentes vai abrindo un camiño lento de resistencia. Versos de poetas que a pesar de pertencer á provincia de León escriben en galego, como o vilafranquino Ramón González-Alegre (1920-1963).

*Deixade xa poetas de cantar as corredoiras,
Deixade xa de louvarostas de sol.
Respetade aos primeiros precursores,
e falade do tempo perto que envolve esta procesión de
ataúdes.*

*Falade da noite escura que envolve a nosa terra
coma unha xiada de néboas primeiras
e chamade ás lonxanas campás
pra que soen na noite por nosos irmáns.*

(do poema “Diante do final”)



Ramón Gonzáles Alegre, autor de varios libros en galego durante a ditadura

SOÑADA SEN COMPETENCIAS

A desruralización, a emigración e procesos máis complexos como a influencia dos medios de comunicación (radio e TV) e da escolarización monolingüe da Ditadura de Franco foron quen de minar a fortaleza que durante séculos fixera posible a permanencia dun dos trazos da nosa personalidade máis sinalados como é a fala, agravándose a perda de falantes entre as xeracións máis novas. Esta é unha das herdanzas do Franquismo non superadas á que nos enfrontamos na actualidade.

Á morte do ditador, coa volta da democracia, comeza un proceso constituínte coa elaboración de novos estatutos de autogoberno para nacionalidades históricas como Galicia, autonomías e rexións. Aquela antiga reivindicación da provincia berciana tamén tivo o seu eco neste novo mapa na que vai lograr un recoñecemento singular: A Comarca do Bierzo será a única comarca rexida por un Consello, aínda que con escasísimas competencias, dentro do Estatuto de Autonomía de Castela e León. Limitados e tímidos dereitos, pactados durante a chamada “Transición”, foron e seguen sendo a día de hoxe un cabalo de batalla no debate político sobre territorio que permanece aberto.




O GALEGO NAS

NO CAMIÑO DA NORMALIDADE

A cidadanía, para superar dificultades, procura recuperar a normalidade. De novo a lingua contribúe a dar pasos na normalización nunha situación alterada polas circunstancias históricas máis recentes que furon desfavorables ao desenvolvemento da nosa personalidade. Hora de actuar das administracións en resposta ás demandas cidadás.

A perda de falantes que herdamos do Franquismo pon en perigo a riqueza cultural que supón o mantemento do galego no Bierzo. Urxe comezar un proceso de Normalización, para o cal existen dous motores fundamentais que son: a cidadanía e a administración. A existencia de múltiples demandas na defensa do Galego no Bierzo a finais dos 80 e comezos dos 90 tiveron a súa correspondencia na presenza de medidas de protección e uso da lingua establecidas e aprobadas nos respectivos estatutos de Galicia e de Castela e León. Todo proceso de Normalización precisa de leis que logo aplicarán as administracións que conflúan co compromiso da cidadanía na defensa da diversidade lingüística como baluarte da personalidade dos pobos. No camiño por andar existen realidades urxentes que reclaman medidas efectivas que non sempre se aplican por falta de recursos ou por atoparse o Bierzo no medio dun “intrincado” encontro de fronteiras de administracións que provoca unha lentitude cando non unha demora inxustificada para atender as iniciativas que permitan estudar, manter e avanzar no uso da nosa na riqueza patrimonial, da nosa personalidade.



Mapa dos centros de ensino nos que se imparte o Programa de Promoción do Galego no Bierzo

ESCOLAS DO BIERZO

Os Colectivos da defensa do Galego concretan as necesidades e comezan as reacciois institucionais con medidas como o *Programa de Promoción do Galego nos centros educativos do Bierzo* no 2002. Trátase dun acordo educativo entre as autoridades de Galicia e Castilla e León, mui loable iniciativa claramente millorable, que fíu acollida con entusiasmo polas familias bercianas como se transloce nun aumento de matrículas constante, aínda que contou desde a súa implantación con non poucos obstáculos que se van salvando curso a curso. Outro fito foi no 2004 a celebración das Letras Galegas no Bierzo. A Real Academia Galega desprazouse por vez primeira a Vilafranca para honrar a figura de Martín Sarmiento, iniciativas que contribuíron á dignificación da lingua galega e ao seu recoñecemento efectivo na idiosincrasia e no día a día dos bercianos. De feito a celebración do Día do Galego no Bierzo todos os 9 de marzo nos centros educativos ao que acoden as autoridades locais, comarcais e autonómicas sitúa esta actuación á vangarda do traballo a prol da Normalización nesta comarca.

O galego, unha oportunidade!

- ✓ Cursar galego permíteche obter o certificado oficial de coñecemento do idioma (Celga)
- ✓ Abreche novas portas para entrar no mundo laboral
- ✓ Facilitache o acceso á Administración Pública
- ✓ Cantas máis linguas coñegas, máis doadamente adquirirás outras

Máis de 1.000 alumnos e alumnas xa aprenden galego en centros educativos de Castela e León

Infórmate sobre o Programa de Ensino en Galego no Bierzo e en Sanabria
www.xunta.es/linguagalega

Xunta de Castilla y León XUNTA DE GALICIA

O FUTURO

A DÍA DE HOXE

O debate actual aberto sobre os lindes administrativos non pode facer esquecer a transcendencia dun elemento como a lingua, compartido con Galicia, e que fai perdurar a personalidade do Bierzo.

Falamos da lingua sobre a que debemos procurar un vigoroso e constante traballo en común como a millor fórmula para recuperala. Os progresos realizados non nos poden impedir ver o norte e o muito que queda por facer: Frear a perda de falantes no Bierzo pasa por naturalizar o feito de expresarse en galego en calquera ámbito na comarca berciana. Conservar os espazos tradicionais da fala e ampliar o seu uso nos ámbitos habitualmente vetados para esta lingua no Bierzo é un dos obxectivos permanentes das *Xornadas Martín Sarmiento e do Día do galego na Escola*. Logramos que se sitúe na vangarda o proceso de promoción do galego nos centros educativos. Así como as acciois non deben quedar circunscritas aos centros educativos, tampouco se renuncia a millorar a presenza e o número de centros que ofrecen esta materia e mesmo reformular o *Programa de Promoción* no seo dunha reforma educativa pendente (Hai centros nos que se reclama a introdución do galego: A Veiga, Cuatroventos, a Ponte de Domingo Flórez ou o Instituto Gil y Carrasco de Ponferrada)



Viaxe do alumnado de Galego no Bierzo a Galicia.
Iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

COMEZA HOXE

Neste camín de asentamento da nosa personalidade, o Consello Comarcal, á vez que solicita maiores competencias ás Cortes de Castilla y León, coincidindo co Bicentenario do nacemento de Antonio Fdez. Morales, fui quen de acordar un marco de apoio para o galego na comarca aprobado por unanimidade en 2018: *O Decálogo de novos espazos para o galego no Bierzo*. Neste documento maniféstase o compromiso de colaboración coa celebración das *Xornadas Martín Sarmiento*, co *Día do Galego nos centros educativos* e coa convocatoria dos *Premios Fernández Morales nas Escolas do Bierzo*, reclamando ademais noutros eidos:

- A posta en marcha dun estudo de recuperación da toponimia berciana. Os nomes dos lugares dos miles de microtopónimos bercianos que corren un gran perigo de desaparición pola despoboación do territorio (onde non hai xente non hai lingua). Trabállase na posibilidade de integrarse no Proxecto Galicia Nomeada, que impulsado pola Real Academia Galega e a Xunta de Galicia espera incorporar os concellos do Bierzo que o soliciten co visto bon das autoridades de Castela e León.

- Un progresivo aumento da presenza do galego nos medios de comunicación do Bierzo (prensa, radio, tv).

- Incorporar a lingua galega na posta en valor do Patrimonio inmaterial berciano, así como tamén para a promoción turística do Bierzo e dos seus produtos estrela como son o botelo, os viños, a castaña, as cireixas, os conchos ou o mel.

- Promover un calendario de actividades culturais en galego a través das administracións locais ao longo do ano en diversos lugares da xeografía berciana e dar os pasos pertinentes para estudar un proxecto de cooficialidade desta lingua na administración local no Bierzo Oeste e outro para a planificación lingüística no conxunto da comarca, comezando con iniciativas no propio Consello Comarcal (como a recente creación da versión galega da súa páxina web).

Non debemos esquecer que existe a *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* asinada polo Estado Español en 2001, que como o seu día o Camiño de Santiago a Compostela danlle unha dimensión internacional dende as institucións de Europa ás medidas políticas que se adoiten e unha cobertura legal ás iniciativas locais que se tomen ao respecto.



UN CAMIÑO DE NO QUE TU

SOÑANDO E DESEÑANDO UN FUTURO MILLOR

A persoa formada, consciente e capaz de debater, sente, madura e reflexiona un discurso acorde coa súa personalidade e soña, cos poetas, o futuro do pobo.

Se hai algo que diferencia o Bierzo de Castela e León é precisamente a fala galega que usamos secularmente moitos de nosoutros, algo que nos achega a Galicia. Non o é o leonés, en lamentable e claro retroceso na parte máis oriental do Bierzo.

Se hai algo que nos diferencia de Galicia é a pertenza do territorio da nosa comarca a Castela e León, pero eiquí podemos dicir que houbo momentos en que non formamos parte de León.

Vendo estes mapas da época, con razón Fernández Morales nos seus *Ensaio poéticos* escribía estes versos no poema dedicado a Vilafranca:

*Cual tesoro que a codicia
de dous avaros escolta
con xusticia, ou sin xusticia,
tira por ela Galicia,
mais Castilla non a solta.*



Mapa de 1773 no que Vilafranca e Cacabelos están incluídos en Galicia


Mapa de 1816 no que só o río Valcarlos está incluído en Galicia

FUTURO ABERTO DECIDES

J. C. MESTRE un dos poetas bercianos actuais máis recoñecidos (Premio Nacional de Poesía en 2009) publica en 2019 o seu primeiro libro en galego, un idioma ao que como berciano non é alleo. Lingua familiar que recupera e co que á vez procura a súa identidade, volver á casa do ser, a abrazar o imperecedeiro: “A escritura é unha necesidade,... había cousas que quería escribir e que só podían ser ditas en galego, a voz da terra e as palabras que oíche de nino, e non puidesche aprender na escola volven ocupar o seu lugar natural”. Este libro titulado *200 gramos de patacas tristes* “está escrito contra o esquecemento”.

Entre veciños e fronteiras móvese Mestre como un mego no outono cheo de personaxes e alcumes, vivos ou mortos retratados con palabras e frases saídas da patria da memoria e o compromiso. Enriquece o panorama literario actual berciano e, á vez, o galego botando mao dunha prosa lírica fértil e sorprendente. Sendo fiel a si mesmo descobre aos lectores que o mundo literario berciano, e que o seu mundo, tamén se expresa na fala dos humildes, porque non pode ser ignorada a aperta da Gallaecia, da de antes e da despois de Roma, da de hoxe e da de mañá. A cidadanía berciana reclama e proclama pola boca de Mestre: “Non se entende o futuro do Bierzo sen a lingua. Hoxe ser cultos implica falar tamén galego”.

Os sentimentos son libres e o futuro un camiño aberto...



Capa do libro de Juan Carlos Mestre, na que se ve o propio autor nunha fotografía da época na que non se podía falar galego nas escolas



Juan Carlos Mestre e Amancio Prada,

AGRADECEMOS

á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a súa colaboración para facer posible a edición e damos as grazas ás distintas institucións: , Consello Comalcal do Bierzo, a Real Academia Galega, aos concellos de Cacabelos, Corullón e Vilafranca do Bierzo, así como ás entidades culturais Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo e Instituto de Estudios Bercianos que apoian esta actividade e veñen contribuíndo, ano tras ano, á consolidación das Xornadas Martín Sarmiento.

Un agradecemento especial a Edicións Positivas pola súa predisposición a facer realidade esta iniciativa.

Índice

LIMIAR	3
BERGIDUM: O NOME DA TERRA	4
A CONQUISTA DO TERRITORIO: GALLAECIA, A PRIMEIRA PROVINCIA	6
À SEMENTE DA LINGUA: O LATÍN	8
O NACEMENTO DO GALEGO: A LINGUA DA TERRA	10
O CAMIÑO A COMPOSTELA, FACTOR DE UNIVERSALIDADE	12
O CONFLITO POLA PROPIEDAD DA TERRA	14
SARMIENTO, UNHA LUZ NOS SÉCULOS ESCUROS	16
A PROVINCIA DE VILAFRANCA	18
O PROVINCIALISMO GALEGO E O BERCIANISMO NAS LETRAS	20
DA PROVINCIA SOÑADA Á COMARCA SEN COMPETENCIAS	22
O GALEGO NAS ESCOLAS DO BIERZO	24
A SOCIEDADE TEN A PALABRA DE FUTURO	26
UN CAMIÑO DE FUTURO ABERTO NO QUE TU DECIDES	28

9 DE MARZO DÍA DO GALEGO NO BIERZO

ORGANIZA



*Comisión
Cultural
Martín
Sarmiento
Vilafranca do Bierzo*

APOIAN



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Comarca do Bierzo
EL BIERZO



Villafranca del Bierzo



CACABELOS



CORULLÓN



XUNTA
DE GALICIA